

AFÍLIATE!

SOLICITA INFORMACIÓN

Nome: _____

Apellidos: _____

Teléfono de contacto: _____

Enderezo electrónico: _____

Empresa: _____

- SERVICIOS XURÍDICOS
- ASESORAMENTO ECONÓMICO, LABORAL E DE IGUALDADE
- FORMACIÓN PROFESIONAL
- PLAN DE AXUDA ALIMENTAR SOLIDARIO
- CAIXA DE RESISTENCIA
- GABINETE DE SAÚDE LABORAL

WWW.GALIZACIG.COM

SEDE CENTRAL

Miguel F. Caaveiro, 10.
15703 Santiago. Teléfono
981564300. Fax 981571082
cig@galizacig.net

LOCAL NACIONAL

Gregorio Espino, 47 entr.
36205 Vigo. Teléfono
986262679. Fax 986262781
VIGO

Gregorio Espino, 47 entr.
36205 Vigo. Teléfono
986827900. Fax 986262844
vigo@galizacig.net

O Morrazo

Atranco, 16 entr. 36940 Can-
gas. Teléfono 986302987.
Fax 986302987

omorrazo@galizacig.net
O Porriño
A. Palacios (casa sindical).
36400 O Porriño. Teléfono
986336204. Fax 986336204

O Piñeiral, 12-14 baixo.
36400 O Porriño. Teléfono
986337263. Fax 986338744
oporriño@galizacig.net

A Guarda

Praza da Guía, 3 baixo.
36780 A Guarda. Teléfono
986610465. Fax 986610465

PONTEVEDRA
Pasantería, 1 baixo. 36002
Pontevedra. Teléfono
986852950. Fax 986855050
pontevedra@galizacig.net

A Estrada

Capitán Bernal, 10-2º. 36680
A Estrada. Teléfono
986590900. Fax 986590047

O Grove
Luís Casais, 3 entr. D2.
36980 O Grove
Vilagarcía
Alexandre Bóveda, 2-2º.
36600 Vilagarcía. Teléfono
986505323. Fax 986506450
osalnes@galizacig.net

Lalín
Areal, 1-1º dta. 36500 Lalín
Teléfono 986782191.

OURENSE
Parque San Lázaro, 12-4º.

32003 Ourense. Teléfono
988233134. Fax 988222855
ourense@galizacig.net
O Carballiño

M. Avellanosa, 14 baixo.
32500 O Carballiño. Teléfono
988272811
O Barco

Praza do Concello, 2-1º.
32300 O Barco. Teléfono
988321511. Fax 988326723
obarco@galizacig.net

Verín

Pedro González, 5-1º. 32600
Verín. Teléfono 988412345.
Fax 988411013
verin@galizacig.net

Ribadavia

Praza S. Eiján, 1 baixo.
32400 Ribadavia.
Teléfono 649942831
Xinzo

Campo do Toural, s/n. 32630
Xinzo de Limia. Teléfono
988462583. Fax 988462583

Trives

S. Bartolomé, s/n. 32780 A
Póboa de Trives
A CORUÑA
Alfonso Molina, s/n, 6º.
15008 A Coruña. Teléfono
981169293. Fax 981151539
acorunha@galizacig.net

Betanzos
Avda. da Coruña, s/n, 2º.
15300 Betanzos. Teléfono
981774988. Fax 981774988

Carballo
Río Sil, 52 baixo. 15100 Car-
ballo. Teléfono 981703169.
Fax 981703169
cigcarballo@hotmail.com

Cee
O Son, edif. Anmafra, s/n.
15270 Cee. Teléfono
981745266. Fax 981706100
cee@galizacig.net

FERROL
Eduardo Pondal, 41/43 entr.
15403 Ferrol. Teléfono
981358750. Fax 981358760
ferrol@galizacig.net

As Pontes
Balsa, 28. 15320 As Pontes

Teléfono 981451510.
Fax 981452919
aspontes@galizacig.net
SANTIAGO

Miguel F. Caaveiro, 10.
15703 Santiago. Teléfono
981583200. Fax 981583934
santiago@galizacig.net

As Rías

Praza do Peixe, 64/66-3º.
15635 Ribeira. Teléfono
981873654. Fax 981874039
asrias@galizacig.net

Noia

Xosé Suárez, 2-2º. 15200
Noia. Teléfono 981823754.
Fax 981823754

LUGO

Ronda Muralla, 58 baixo.
27003 Lugo. Teléfono
982225812. Fax 982253891
lugo@galizacig.net

Vilalba

Constitución, s/n 2º esq.
27800 Vilalba.
Teléfono 982512556

Chantada

Praza de Galiza, s/n. 27500
Chantada. Teléfono
982462103. Fax 982462103

Monforte de Lemos
R. Baamonde, 29-1º. 27400
Monforte. Teléfono
982403005. Fax 982403005
monforte@galizacig.net

Sarria

Rúa Nova, 60 entr. A. 27600
Sarria. Teléfono 982533672.
Fax 982533672

A Mariña

García Dóriga, s/n 2º. 27850
Viveiro. Teléfono 982561541.
Fax 982551985
amarinha@galizacig.net

Ribadeo

Avda. Galiza, 20-3º.
27700 Ribadeo.
Teléfono 982129593.
Fax 982129593

Burela

A. Pardiñas, 137-2º dta.
27880 Burela
Teléfono 982581861.
Fax 982581861

SÚMATE

AO SINDICALISMO GALEGO

COA CIG ES MÁIS FORTE

AFÍLIATE !

O capital está a aproveitar a crise económica para levar adiante un recorte brutal dos nosos dereitos, dos nosos salarios, das nosas condicións laborais e da nosa calidade de vida, ao tempo que aumenta as súas marxes de beneficios.

Durante estes últimos anos aumentaron aínda máis as desigualdades sociais, incrementándose as diferenzas entre as persoas máis ricas e as máis pobres. Un exemplo disto témolo na perda de peso dos salarios fronte aos beneficios da patronal. Así, os salarios pasaron de representar o 47% no Produto Interior Bruto, no ano 2008, a representar o 42,7%, no 2013, mentres que os beneficios empresariais, neste mesmo período, pasaron do 44,8% a representar o 47,7%.

As sucesivas reformas laborais, promovidas polos gobernos españois do PSOE e do PP, foron feitas para favorecer o despedimento e rebaixar salarios. Hoxe ás empresas resúltalles moito máis barato e máis fácil despedir os seus traballadores e traballadoras, así como incumprir o pactado nos convenios colectivos, rebaixando salarios e precarizando as condicións laborais.

Ao tempo, estanse a producir: recortes moi importantes no gasto social, a privatización dos servizos públicos (ensino, saúde, asistencia social...), o aumento das dificultades para acceder a unha pensión e a redución da súa contía, o cobro de moitos medicamentos, o recorte das prestacións por desemprego, etc., todo un conxunto de medidas que van en prexuízo da calidade de vida das clases traballadoras.

Todas estas contrarreformas laborais e recortes de dereitos, xunto coa enorme destrución de emprego, situando os niveis de desemprego en cifras históricas (en Galiza preto de 300.000 persoas desempregadas), debilítannos como clase traballadora, reducen a nosa capacidade reivindicativa e como consecuencia disto prodúcese unha perda de dereitos e de calidade de vida.

HAI QUE FORTALECER AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS. AFÍLIATE Á CIG

Fronte a este ataque do capital á clase traballadora temos que reaccionar e defender os nosos dereitos e o noso futuro. É preciso organizarse, loitar e fortalecer as organizacións sindicais. Por iso te animamos a que te afilies á CIG, pois somos unha central sindical que temos demostrado, coa nosa práctica, a nosa firmeza e coherencia na defensa dos intereses da clase traballadora galega, desde unha postura de confronto co poder, de non

integración no sistema, de crítica e rexeitamento ao sindicalismo de colaboración co poder e de pacto social, de garantía de independencia económica e de compromiso coa defensa dos dereitos nacionais de Galiza.

ESTES SON ALGÚNS DOS SERVIZOS DE APOIO Á NOSA ACCIÓN SINDICAL:

Para apoio da nosa acción sindical e unha mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega, creamos todo un conxunto de servizos e mecanismos que podemos resumir nos seguintes:

–O departamento de **servizos xurídicos**, que cobre todo tipo de asesoramento e defensa en casos de despedimentos, reclamación de cantidades, vacacións, xornada laboral, pensións, prestacións por desemprego, etc., sendo totalmente gratuíto este servizo, a partir de levar cinco anos afiliado/a.

–Os departamentos de **asesoramento económico, laboral e de igualdade**, que cobren todo tipo de asesoramento en materia de informes para ERES, descolgues de convenios, economía social, plans e políticas de igualdade e conciliación, informes sobre novas ordes, decretos ou leis, etc. Totalmente gratuíto.

–O departamento de **formación profesional**, que a través dun convenio coa fundación FORGA, leva anos impartindo cursos de formación, nos nosos propios centros, nos que se formaron miles de traballadores e traballadoras, con fondos públicos e de forma totalmente gratuíta.

–O **Plan de Axuda Alimentar Solidario** da CIG, creado nos últimos tempos, coas achegas solidarias da afiliación, para dar apoio a todos aqueles afiliados e afiliadas que como consecuencia da crise teñen dificultades para poder cubrir as necesidades máis básicas de alimentación. Somos a única central sindical en Galiza que temos operativo este servizo de axuda á afiliación.

–A **Caixa de Resistencia**, de apoio en caso de folga, posibilitando que os afiliados e afiliadas, que leven máis de tres meses de afiliación á central sindical, poidan cobrar ata o equivalente do salario mínimo interprofesional, a partir do cuarto día de folga, este incluído, compensando así unha parte importante do salario perdido como consecuencia da folga. Este mecanismo tenlle servido ata hoxe a moitos compañeiros e compañeiras afiliadas para aguantaren a folga na súa empresa e permitirlle así gañar o conflito fronte á patronal. Somos a única central sindical en Galiza que temos operativo este servizo de apoio á afiliación.

DEFENDE OS TEUS DEREITOS E A TÚA DIGNIDADE
FRONTE AOS ATAQUES DO CAPITAL, ORGANÍZATE E
LOITA CONNOSCO. **AFÍLIATE Á CIG**

SE QUERES INFORMACIÓN OU AFILIARTE Á CIG TES DISTINTAS OPCIONS:

- Ponte en contacto coa representación sindical da CIG na túa empresa.
- Chama por teléfono ou envía un correo electrónico ao local da CIG máis próximo ao teu enderezo.
- Descarga a folia de afiliación da páxina web da CIG, cúbrea e envía ao local da CIG ou entrégalla á representación sindical da CIG no teu centro de traballo.

